

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2020 adoptou, entre outros, este acordo:

4.7494.- **MODIFICACIÓN DO DECÁLOGO DE CRITERIOS DE ACTUACIÓN NAS VÍAS PROVINCIAIS**

Primeiro.- Por acordo Plenario de data 29 de xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra aprobou o Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais. Neste documento reflíctese a política a desenvolver en materia de mobilidade de acordo co convencemento de concibir a rede viaria provincial como artelladora do equilibrio territorial entre os distintos concellos e como motor de cambio do modelo urbanístico dos seus núcleos, incentivando nestes últimos medidas que transformen as estradas en rúas poidan acoller as chamadas mobilidades amábeis. Pasados case catro anos dende a aprobación do Decálogo, faise necesario realizar unha serie de modificacións no mesmo, debido ás casuísticas xurdidas froito dos numerosos convenios de colaboración entre a Deputación e os concellos da provincia que se asinaron dende xaneiro de 2016.

Segundo.- O Director de Infraestruturas e Vías Provinciais emite un informe técnico o 3 de setembro de 2020 e que consta no expediente no que indica, entre outras cuestións, o seguinte:

No tocante á financiación das obras, indica que debe recollese expresamente a figura das sendas nas actuacións cofinanciadas. Ao respecto ás sendas, de acordo co disposto no artigo 6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, teñen a consideración de elemento funcional da estrada e como tal, están afectadas á súa conservación, explotación do servizo público viario e a outros fins auxiliares ou complementarios. Polo exposto considérase que son elementos susceptibles de ser incluídos dentro das actuacións de urbanización e mellora de viais de acordo coa normativa vixente en materia de estradas.

En canto á transferencia de viais ou treitos de viais, propónse a transferencia dos treitos urbanos dos viais, definidos os mesmos de acordo co disposto no artigo 7 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, e sempre que non se cree unha disfuncionalidade na rede de estradas provinciais. Esta vontade de transferencia vén determinada porque como regra xeral estes treitos urbanos non reúnen as características propias dunha estrada provincial e os



concellos poden garantir o mellor mantemento e salvagarda do dominio público das mesmas.

Estes dous aspectos regúlanse nos artigos 8º e 9º do Decálogo, mantendo o texto restante.

Terceiro.- Visto o informe emitido con data 3 de setembro de 2020 polo Director de Infraestruturas e Vías Provinciais, o Secretario da Corporación Provincial e o Servizo de Intervención emiten informes favorables en data 8 e 15 de setembro respectivamente.

Cuarto.- Considerando que de acordo co disposto no artigo 70.14 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición. Considerando que os artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e nos que se definen as competencias dos concellos e entre as que se atopa a infraestrutura viaria así como os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, no que se regulan os convenios entre Administracións, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar a Modificación do Decálogo de criterios de actuacións nas vías provinciais quedando os mesmos do seguinte xeito:

## DECÁLOGO DE CRITERIOS DE ACTUACIÓNS NAS VÍAS PROVINCIAIS

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión, ordinaria, do día 29 de xaneiro do ano 2016 adoptou, entre outros, o acordo de aprobar o decálogo de criterios para as actuacións nas vías provinciais tanto de iniciativa provincial coma das executadas mediante convenios cos concellos.

Pasados catro anos, logo das experiencias acumuladas e das casuísticas suscitadas na tramitación dos convenios de colaboración subscritos neste



período, faise necesario precisar o punto 8 do Decálogo para reflexar os criterios de cofinanciamento cos concellos aplicables no caso de actuacións en sendas ou no caso de optar á financiación europea, así como o punto 9 para aclarar os criterios de transferencia de treitos de estradas ós concellos.

Por todo elo, dado que é conveniente que as condicións nas que se executarán as actuacións mediante convenio cos concellos queden determinadas e fixadas con criterios claros, obxectivos e transparentes, ó abeiro da normativa vixente, propónse a actualización do Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais:

**1** A Deputación priorizará en todas as súas actuacións en materia viaria as necesidades dos sectores máis vulnerables. A xerarquía a seguir será 1º peón, 2º ciclista, 3º transporte público, 4º vehículo privado. En cada proxecto establecerase a fórmula para garantir unha convivencia harmónica das diferentes mobilidades de forma coherente (vías segregadas ou de uso compartido, mesmo ou diferente nivel..).

**2** A Deputación centrará os seus esforzos na boa conservación do patrimonio viario provincial, en particular nas actuacións encamiñadas a aumentar a seguranza viaria para peóns e vehículos, tales como rozas e limpeza de cunetas, mellora do estado do firme, sinalización horizontal e vertical, balizamento ou iluminación, entre outras. Daráselles prioridade ás áreas sensibles: zonas habitadas, travesías ou interseccións.

**3** Os tramos da rede provincial que presenten unha frecuencia de accidentes significativamente superior á media de tramos semellantes e nos que, xustificadamente, unha actuación na infraestrutura poida conducir a unha redución efectiva da accidentalidade, serán prioritarios á hora de redactar proxectos de actuación.

**4** Unha redución efectiva da velocidade nas vías provinciais implica unha diminución drástica do número de accidentes polo que a Deputación fomentará as reducións mediante sinalización e a implantación de medidas de calmado do tráfico. As solucións propostas serán, preferentemente, zonas 30, pasos de peóns sobreelevados (PPS) e redutores físicos de velocidade de vehículos (RFVV), entre outras.



**5** As actuacións de modificación de trazado e ampliación da plataforma realizaranse só en estradas cunha intensidade media diaria de vehículos superior a 3.000 vehículos/día, de non ser viables outras alternativas de menor impacto.

**6** A Deputación daralles ás áreas de especial interese natural, paisaxístico, histórico, cultural e arquitectónico un tratamento e unha sinalización específicos nos seus proxectos. O obxectivo é protexer, potenciar, dinamizar e divulgar o patrimonio existente poñéndoo en valor e integrándoo en cada actuación.

**7** Nos proxectos de urbanización ou reurbanización, as beirarrúas, no caso de existir e salvo excepcións puntuais xustificadas, terán rasantes continuas, un largo mínimo de 2,50 metros e cumprirán cos criterios de accesibilidade universal. Os distintos elementos do mobiliario urbano situaranse de forma que xeren un espazo peonil continuo de seguridade sen obstáculos.

Caso de que esta solución sexa desaconsellable ou imposible a alternativa prioritaria será a plataforma única ó mesmo nivel coas medidas de redución e calmado de tráfico necesarias para protexer os colectivos máis vulnerables.

**8** As actuacións de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ó 70% pola Deputación e ó 30% por cada concello. As reurbanizacións serán cofinanciadas ó 60% pola Deputación e ó 40% por cada concello. As sendas peonís e/ou ciclables serán cofinanciadas ó 80% pola Deputación e ó 20% por cada concello. Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos. A posta a disposición dos terreos, ante fedatario público, correrán a cargo do concello, agás se por razóns de interese xeral cómpre a incoación do procedemento expropiatorio, correndo o concello cos seus custos.

**9** En todos os casos de urbanización ou reurbanización de treitos urbanos que non interrompan un itinerario de comunicación provincial, ben por ser treito terminal da estrada ou ben por contar con alternativa viaria, a actuación levará aparellada a transferencia ós concellos da titularidade da vía no tramo correspondente, que non ten por que estar circunscrito ó ámbito ou vial da actuación. Fomentarase a transferencia dos treitos urbanos que teñan inicio e final nun mesmo concello.



**10** En todos os casos de vías provinciais nos que existan actualmente ou se doten no futuro de servizos urbanos: subministro de auga, fibra óptica, rede de esgotos, iluminación, beirarrúas, mobiliario urbano, limpeza viaria... o seu coidado e mantemento corresponderanlles ós concellos. Á Deputación corresponderanlle a conservación do firme, a sinalización horizontal e vertical e a rede de pluviais.

A Presidencia ou deputado delegado ditará as resolucións e recomendacións necesarias para a concreción e aplicación deste decálogo en cada un dos proxectos tanto de iniciativa provincial como mediante convenio.

**Segundo.-** Publicar a Modificación do Decálogo de criterios de actuacións nas vías provinciais no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia da Deputación de Pontevedra.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e, todo iso, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

